DEPUTACIÓN OURENSE

| | |
|---|---|
| Referencia: | **2025/22295G** |
| Procedemento: | **Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones** |
| Interesado: | |
| Representante: | |
| **SECCIÓN DE SUBVENCIÓNS (4224)** | |

Unha vez vista a proposta provisional de resolución do concurso público para a concesión de subvencións concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao alugueiro residencial correspondentes ao exercicio 2025, realizada pola correspondente Comisión de Valoración do concurso de referencia, e de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial e coas bases reguladoras, concédese un trámite de audiencia por un período de dez días hábiles a contar a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio na páxina http://www.depourense.gal, enlace Seccion de Subvencions, enlace negociado de concursos, concurso público para a concesión de subvencións concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao alugueiro residencial correspondentes ao exercicio 2025, para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional.

O contido da proposta provisional de resolución do antedito concurso, é o seguinte:

"En Ourense, no Pazo Provincial, con data 6 de marzo de 2026, sendo as 09:00 horas, reúnese a comisión de valoración do concurso para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao alugueiro residencial. correspondentes ao exercicio 2025 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP nº 213, do 5 de novembro de 2025) integrada polas seguintes persoas:

**Presidente: dona Marta Nóvoa Iglesias, deputada delegada en materia de facenda.**

Vogais:

- don Juan Marquina Fuentes (secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense)
- don Adamantino Barreiro García (vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense)

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

- dona Marta Pérez Pérez, en representación da xefa do Servizo de Intervención da Deputación
- dona Eva María Reza Paz, Arquitecta do servicio de asistencia a municipios da Deputación de Ourense
- dona Mª Isabel Rodríguez Carrera (xefa da Sección de Subvencións).

Secretaria: dona Mónica Cristín Somoza (xefa do Negociado de Concursos)

O obxecto da reunión é proceder ó estudo e valoración das solicitudes presentadas no concurso de referencia e á formulación dunha proposta provisional de resolución que será sometida a trámite de audiencia.

Os antecedentes do asunto a tratar son os seguintes:

Primeiramente, a secretaria da comisión dá conta do informe – proposta da xefa da Sección de Subvencións, de data 4 de marzo de 2026, relativo ás solicitudes presentadas e ó resultado da instrución do expediente, nos seguintes termos:

"*A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o 27 de outubro de 2025, aprobar as bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao alugueiro residencial.*

*O artigo 7 apartado 4 da Ordenanza Xeral desta Deputación Provincial, establece que a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpran cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias e que dita instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se proporá a admisión ou inadmisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.*

*En consecuencia, e para darlle cumprimento a dito artigo e ás bases reguladoras da convocatoria, procédese á instrución do procedemento de referencia da seguinte maneira:*

a) *En relación coa convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a concellos destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora de vivendas destinadas ao alugueiro residencial (BOP nº 213, do 5 de novembro de 2025), presentáronse as seguintes solicitudes:*

| | *CONCELLO* | *N.º HAB.* | *NIF* | *PROXECTO* |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *LAROUCO* | *484* | *P3203900J* | *Proxecto básico e de execución para a creación de vivenda, situadas en estrada de Langullo 2, Concello de Larouco* |
| *2* | *PARADA DE SIL* | *500* | *P3205800J* | *Rehabilitación de edificación para vivenda de uso social* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **3** | VILARIÑO DE CONSO | 501 | P3209300G | Rehabilitación. de catro vivendas en A Facenda |
| **4** | CALVOS DE RANDÍN | 650 | P3201700F | Adquisición, Rehabilitación. e/ou mellora de vivendas destinadas a alugueiro residencial |
| **5** | XUNQUEIRA DE ESPADANEDO | 696 | P3203800B | Acondicionamento de vivenda social |
| **6** | VILAR DE SANTOS | 784 | P3209100A | Adquisición e mellora de vivenda para aluguer |
| **7** | PORQUEIRA | 806 | P3206300J | Separación cadro eléctrico e amoblamento da vivenda destinada a alugueiro social Sabucedo |
| **8** | VEIGA, A | 873 | P3208400F | Obras de mellora de vivenda de titularidade municipal destinada a aluguer residencial |
| **9** | VEREA | 974 | P3208500C | Remate obras e equipamento de vivenda social sita en Sabucedo |
| **10** | CORTEGADA | 1.027 | P3202800C | Rehabilitación. de edificación de titularidade municipal con destino a alugamento social. |
| **11** | ENTRIMO | 1.093 | P3203100G | Renovación de elementos de cuberta en bloque de casas do Concello. |
| **12** | BOLA, A | 1.139 | P3201500J | Rehab. de vivenda para alugueiro |
| **13** | CARBALLEDA DE AVIA | 1.172 | P3201900B | Rehabilitación de vivenda con destino a alquiler social |
| **14** | MUÍÑOS | 1.385 | P3205200C | Reforma e mellora na habitabilidade da vivenda destinada a baixo cuberta |
| **15** | RUBIÁ | 1.391 | P3207400G | Adquisición y rehab. de vivenda destinada a aluguer residencial |
| **16** | BANDE | 1.460 | P3200700G | Rehabilitación de vivenda destinada ao alugueiro residencial |
| **17** | TABOADELA | 1.480 | P3208000D | Rehabilitación de vivenda unifamiliar |
| **18** | RAMIRÁS | 1.485 | P3206900G | Rehab. de edificación para vivenda unifamiliar na Corredoira |
| **19** | CUALEDRO | 1.538 | P3202900A | Adaptación e acondicionamento de pranta baixo cuberta para vivenda en edificio existente. |
| **20** | VILARDEVÓS | 1.616 | P3209200I | Acondicionamento de agrupacións de vivendas para fins sociais |
| **21** | PEROXA, A | 1.793 | P3206000F | Adquisición inmoble para a construción de vivenda destinada a alugueiro |
| **22** | VILAMARÍN | 1.836 | P3208800G | Obras de reparación e melloras enerxéticas nunha vivenda municipal |
| **23** | CARTELLE | 2.466 | P3202100H | Acondicionamento e rehab. de vivenda na antiga escola de A Lagoa |
| **24** | MONTERREI | 2.403 | P3205100E | Adquisición de vivenda en Infiesta |
| **25** | RAIRIZ DE VEIGA | 1.154 | P32068001 | Rehab. destinada a vivenda en alugueiro en Ludro-Rairiz de Veiga |

**2º) Cualificación da documentación administrativa presentada:**

**a) Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por cambio do obxecto da subvención solicitada inicialmente.**

| CONCELLO | N.º | NIF | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

| | | HAB. | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **1** | Rairiz de Veiga | 1.154 | P32068001 | Rehabilitación destinada a vivenda en alugueiro en Ludro-Rairiz de Veiga | Ante a imposibilidade de acreditar documentalmente a titu catastral individualizada do inmoble obxecto da subvención, o Concello propuxo a substitución do inmoble inicialmente indicado, o que implica unha modificación do obxecto da subvención. |

***b)*** *Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por non emendar as deficiencias existentes na súa solicitude, unha vez transcorrido o prazo de emenda concedido:*

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|
| **1** | Rubiá | 1.391 | P3207400G | Adquisición y rehabilitación de vivenda destinada a aluguer residencial | Non se emendaron as deficiencias detectadas na súa solicitude. No trámite de emenda presentouse unha alegación que foi desestimada, ao tratarse dunha intervención total nunha edificación existente destinada a uso residencial, a cal require proxecto técnico asinado por arquitecto/a, tendo en conta o informe emitido polo Gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios da Deputación. |
| **2** | Vilariño de Conso | 501 | P3209300G | Rehabilitación de catro vivendas en A Facenda | Non se emendaron as deficiencias detectadas na solicitude. No trámite de emenda solicitou o cambio do obxecto subvencionable, xa que o Concello non é titular do inmoble ao que se refería a subvención. |

***c)*** ***<u>Solicitantes coa documentación administrativa correctamente presentada:</u>***

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO |
|---|---|---|---|---|
| **1** | LAROUCO | 484 | P3203900J | Proxecto básico e de execución para a creación de vivenda, situadas en estrada de |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | *Langullo 2, Concello de Larouco* |
| **2** | *PARADA DE SIL* | *500* | *P3205800J* | *Rehabilitación de edificación para vivenda de uso social* |
| **3** | *CALVOS DE RANDÍN* | *650* | *P3201700F* | *Adquisición, Rehabilitación. e/ou mellora de vivendas destinadas a alugueiro residencial* |
| **4** | *XUNQUEIRA DE ESPADANEDO* | *696* | *P3203800B* | *Acondicionamento de vivenda social* |
| **5** | *VILAR DE SANTOS* | *784* | *P3209100A* | *Adquisición e mellora de vivenda para aluguer* |
| **6** | *PORQUEIRA* | *806* | *P3206300J* | *Separación cadro eléctrico e amoblamento da vivenda destinada a alugueiro social Sabucedo* |
| **7** | *VEIGA, A* | *873* | *P3208400F* | *Obras de mellora de vivenda de titularidade municipal destinada a aluguer residencial* |
| **8** | *VEREA* | *974* | *P3208500C* | *Remate obras e equipamento de vivenda social sita en Sabucedo* |
| **9** | *CORTEGADA* | *1.027* | *P3202800C* | *Rehabilitación. de edificación de titularidade municipal con destino a alugamento social.* |
| **10** | *ENTRIMO* | *1.093* | *P3203100G* | *Renovación de elementos de cuberta en bloque de casas do Concello.* |
| **11** | *BOLA, A* | *1.139* | *P3201500J* | *Rehab. de vivenda para alugueiro* |
| **12** | *CARBALLEDA DE AVIA* | *1.172* | *P3201900B* | *Rehabilitación de vivenda con destino a alquiler social* |
| **13** | *MUÍÑOS* | *1.385* | *P3205200C* | *Reforma e mellora na habitabilidade da vivenda destinada a baixo cuberta* |
| **14** | *BANDE* | *1.460* | *P3200700G* | *Rehabilitación de vivenda destinada ao alugueiro residencial* |
| **15** | *TABOADELA* | *1.480* | *P3208000D* | *Rehabilitación de vivenda unifamiliar* |
| **16** | *RAMIRÁS* | *1.485* | *P3206900G* | *Rehab. de edificación para vivenda unifamiliar na Corredoira* |
| **17** | *CUALEDRO* | *1.538* | *P3202900A* | *Adaptación e acondicionamento de pranta baixo cuberta para vivenda en edificio existente.* |
| **18** | *VILARDEVÓS* | *1.616* | *P3209200I* | *Acondicionamento de agrupacións de vivendas para fins sociais* |
| **19** | *PEROXA, A* | *1.793* | *P3206000F* | *Adquisición inmoble para a construción de vivenda destinada a alugueiro* |
| **20** | *VILAMARÍN* | *1.836* | *P3208800G* | *Obras de reparación e melloras enerxéticas nunha vivenda municipal* |
| **21** | *CARTELLE* | *2.466* | *P3202100H* | *Acondicionamento e rehab. de vivenda na antiga escola de A Lagoa* |
| **22** | *MONTERREI* | *2.403* | *P3205100E* | *Adquisición de vivenda en Infiesta* |

Por unanimidade, a comisión presta conformidade ao informe – proposta da xefa da Sección, procedendo a iniciar a valoración dos proxectos admitidos a trámite, correspondentes ós solicitantes relacionados.

De conformidade coa base 10ª das que rexen a convocatoria, as regras de valoración contidas nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse sobre a base dos principios de transparencia e obxectividade segundo os indicadores seguintes:

Poboación do municipio ou entidade local, segundo as cifras oficiais de poboación recollidas na última publicación do INE:

- Ata 3.000 habitantes: 20 puntos.
- Máis de 3.000 ata 5.000 habitantes: 15 puntos.
- Máis de 5.000 habitantes: 10 puntos.

Nos supostos de concellos que estean no mesmo tramo de poboación, o criterio de desempate para establecer a prelación, será o número de habitantes.

Neste senso, unha vez establecidas as puntuacións obtidas polos solicitantes, o proceso de asignación de subvención realizarase mediante unha ordenación de solicitudes de maior a menor puntuación.

A distribución da axuda económica seguirá rigorosamente esta orde de prelación, comezando pola que obtivera a máxima puntuación e continuando sucesivamente coas inferiores ata esgotar a totalidade do crédito dispoñible na convocatoria.

As solicitudes que, cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan subvención polo esgotamento da dotación económica, serán desestimadas por falta de crédito e formarán parte dunha lista de reserva na mesma orde de puntuación, en previsión de posibles renuncias.

3. Deberanse ter en conta as seguintes regras:

a) Ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao 100% do investimento CSV: total previsto

b) Ningunha entidade poderá recibir subvención para gastos xa subvencionados por outras administracións públicas.

c) Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior a 40.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

Así mesmo, a base terceira dispón que para as subvencións incluídas nesta convocatoria resérvase crédito nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, na aplicación 94202/76200 por importe máximo de 500.000,00 euros.

De conformidade co establecido nas bases de referencia, a comisión, por unanimidade, acorda levar a cabo a valoración do seguinte xeito:

1º) Exclúense, no seu caso, da valoración as solicitudes que corresponden a proxectos que non son subvencionables, ó non axustarse ó establecido nas bases da convocatoria.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

2º) De conformidade co establecido nas bases de referencia, a comisión, procedeu á valoración das solicitudes presentadas, outorgando, segundo as cifras oficiais de poboación recollidas na última publicación do INE, a máxima puntuación, 20 puntos aos concellos de ata 3.000 habitantes. Dentro deste tramo de poboación, terá preferencia o concello solicitante con menor número de habitantes, e así sucesivamente ata esgotar o credito dispoñible (500.000,00 €), tendo en conta, que todos os concellos solicitantes están dentro do citado tramo.

Por outra banda, e con carácter previo a valoración das solicitudes, compre facer referencia ás alegacións presentadas polo Concello de Cualedro e polo Concello de Rubiá, en relación co requirimento de emenda da documentación presentada nas súas respectivas solicitudes, concretamente, no relativo a necesidade de achegar un proxecto técnico asinado por técnico competente. Para la resolución das citadas alegacións solicitouse informe ao Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.

En relación co **Concello de Cualedro**, o citado informe considera que **o proxecto presentado supón unha intervención parcial nunha edificación existente con destino a uso residencial que non introduce variacións esenciais na composición xeral exterior nin no conxunto do sistema estrutural e sen que modifique o uso principal. En consecuencia, conclúese que o técnico competente para a redacción do proxecto pode ser un arquitecto técnico, como acontece no presente caso, polo que procede estimar alegación presentada polo citado concello.**

No caso de **Concello de Rubiá,** o informe determina que **o proxecto presentado supón unha intervención total nunha edificación existente con destino a uso residencial. En consecuencia, resulta necesario a elaboración dun proxecto técnico redactado por arquitecto, procedendo, en consecuencia, a desestimar a alegación presentada.**

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, acorda emitir **proposta provisional** de resolución do concurso co seguinte contido:

**1º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican**:

a) **Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por cambio do obxecto da subvención solicitada inicialmente:**

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|
| **1** | Rairiz de Veiga | 1.154 | P32068001 | Rehabilitación destinada a vivenda en alugueiro en Ludro- | *Ante a imposibilidade de acreditar documentalmente a titu catastral individualizada do* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Rairiz de Veiga | *inmoble obxecto da subvención, o Concello propuxo a substitución do inmoble inicialmente indicado, o que implica unha modificación do obxecto da subvención.* |

**b) Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por non emendar as deficiencias existentes na súa solicitude, unha vez transcorrido o prazo de emenda concedido:**

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO | MOTIVO |
|---|---|---|---|---|---|
| **1** | Rubiá | 1.391 | P3207400G | Adquisición y rehabilitación de vivenda destinada a aluguer residencial | Non se emendaron as deficiencias detectadas na súa solicitude. No trámite de emenda presentouse unha alegación que foi desestimada, ao tratarse dunha intervención total nunha edificación existente destinada a uso residencial, a cal require proxecto técnico asinado por arquitecto/a, tendo en conta o informe emitido polo Gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios da Deputación. |
| **2** | Vilariño de Conso | 501 | P3209300G | Rehabilitación de catro vivendas en A Facenda | Non se emendaron as deficiencias detectadas na solicitude. No trámite de emenda solicitou o cambio do obxecto subvencionable, xa que o Concello non é titular do inmoble ao que se refería a subvención. |

**2º) Desestimar as seguintes solicitudes de subvención por esgotar a totalidade do crédito dispoñible na convocatoria, de acordo co disposto na base décima ,"***As solicitudes que, cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan subvención polo esgotamento da dotación económica, serán desestimadas por falta de crédito e formarán parte dunha lista de reserva na mesma orde de puntuación, en previsión de posibles renuncias.*":

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO | IMPORTE SOLICITADO |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | TABOADELA | 1.480 | P3208000D | Rehab. de vivienda unifamiliar | 40.000,00 |
| 2 | RAMIRÁS | 1.485 | P3206900G | Rehab. de edificación para vivienda unifamiliar na Corredoira | 40.000,00 |
| 3 | CUALEDRO | 1.538 | P3202900A | Adaptación e acondicionamento de pranta baixocuberta para vivenda en edificio existente. | 40.000,00 |
| 4 | VILARDEVÓS | 1.616 | P3209200I | Acondicionamento de agrupacións de vivendas para fins sociais | 2.967,48 |
| 5 | PEROXA, A | 1.793 | P3206000F | Adquisición inmoble para a construcción de vivenda destinada a alugueiro | 40.000,00 |
| 6 | VILAMARÍN | 1.836 | P3208800G | Obras de reparación e melloras enerxéticas nunha vivenda municipal | 39.999,74 |
| 7 | CARTELLE | 2.466 | P3202100H | Acondicionamento e rehab. de vivenda na antiga escola de A Lagoa | 35.739,50 |
| 8 | MONTERREI | 2.403 | P3205100E | Adquisición de vivenda en Infiesta | 35.515,00 |

**3º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:**

| | CONCELLO | N.º HAB. | NIF | PROXECTO | IMPORTE CONCEDIDO |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | **LAROUCO** | 484 | P3203900J | Proyecto básico e de execución para a creación de vivenda, situadas en estrada de Langullo 2, Concello de Larouco | 40.000,00 |
| 2 | **PARADA DE SIL** | 500 | P3205800J | Rehab. de edificación para vivienda de uso social | 40.000,00 |
| 3 | **CALVOS DE RANDÍN** | 650 | P3201700F | Adquisición, rehab. e/ou mellora de vivendas destinadas a alugueiro residencial | 40.000,00 |
| 4 | **XUNQUEIRA DE ESPADANEDO** | 696 | P3203800B | Acondicionamento de vivenda social | 40.000,00 |
| 5 | **VILAR DE SANTOS** | 784 | P3209100A | Adquisición e mellora de vivenda para alquiler | 40.000,00 |

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **6** | **PORQUEIRA** | 806 | P3206300J | Separación cadro eléctrico e amoblamento da vivenda destinada a alugueiro social Sabucedo | 19.600,00 |
| **7** | **VEIGA, A** | 873 | P3208400F | Obras de mellora de vivenda de titulariedade municipal destinada a aluguer residencial | 40.000,00 |
| **8** | **VEREA** | 974 | P3208500C | Remate obras e equipamento de vivenda social sita en Sabucedo | 28.103,47 |
| **9** | **CORTEGADA** | 1.027 | P3202800C | Rehab. de edificación de titularidade municipal con destino a alugamento social. | 40.000,00 |
| **10** | **ENTRIMO** | 1.093 | P3203100G | Renovación de elementos de cubierta en bloque de casas do Concello. | 29.440,80 |
| **11** | **BOLA, A** | 1.139 | P3201500J | Rehab. de vivienda para alugueiro | 40.000,00 |
| **12** | **CARBALLEDA DE AVIA** | 1.172 | P3201900B | Rehab. de vivienda con destino a alquiler social | 40.000,00 |
| **13** | **MUÍÑOS** | 1.385 | P3205200C | Reforma e mellora na habitabilidade da vivenda destinada a baixo cuberta | 40.000,00 |
| **14** | **BANDE** | 1.460 | P3200700G | Rehab. de vivenda destinada ao alugueiro residencial | 22.855,73 |
| | | | | **TOTAL** | **500.000,00** |

No caso de Bande, indícase que a contía de subvención proposta é o resultado de aplicar a diferenza entre o importe solicitado polo beneficiario e o importe restante do reparto ao chegar a esta solicitude ata esgotar a contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións.

De todo isto emítese a presente proposta provisional de resolución, e, non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 12:00 horas, recolléndose o actuado na presente acta, que asina comigo, a secretaria.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Asinado electrónicamente por MARTA NOVOA IGLESIAS
A Deputada Delegada de Facenda, Economía e RRHH.
(P.D.: Resol. 2023/9863 - 31/07/2023)
09/03/2026 - 10:57:05

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16340630730550174174 en https://sede.depourense.es